

## AS COLECCIÓN

Actualmente, xunto aos restos conservados da igrexa, no seu interior expónse unha variada mostra de obras, algunhas propias do edificio e outras procedentes doutros lugares. Podemos citar tres coleccións principais:

A primeira é a de escultura funeraria. Nela atopamos varios elementos significativos, coma a **lápida sepulcral de Tristán de Montenegro (1)**, destacado personaxe da historia de Pontevedra que morreu dun disparo de espingarda loitando contra o conde de Camiña, Pedro Álvarez de Sotomayor.

Dentro do apartado funerario son significativas as diversas laudas gremiais, procedentes na súa maioría da desaparecida igrexa de San Bartolomeu o Vello. Resulta de gran valor e interese a **lauda do gremio dos cesteiros (2)**, na que están representados cinco armazóns de cestos.

Outro exemplo destacado de escultura funeraria é o **arcosolio do sepulcro de Suero Gómez de Sotomayor (3)**, situado no muro sur do cruceiro da igrexa. A estatua xacente deste sepulcro está exposta no Edificio Castelao.

A segunda colección compóñena elementos arquitectónicos e escultóricos de moi diversa procedencia. Moitos deles son deste convento, aínda que actualmente non están situados no seu emprazamento orixinal. É o caso da **arcada de entrada á sala capitular (4)**, formada por cinco arcos xeminados lobulados, situada antigamente no claustro do convento.

A terceira colección é a de labras heráldicas, composta por un amplo número de escudos de armas, algúns orixinais deste edificio e outros procedentes de distintas casas nobiliarias da cidade e doutros lugares da provincia.

De entre todas debemos destacar dúas: a primeira é o **escudo de Pedro Antonio Gayoso Aldao Castro y Reino, conde de San Román (5)**, procedente do pazo que esta familia tiña en Pontevedra na praza do Teucro. Desta mesma cidade é a segunda, o escudo do xa citado **Tristán de Montenegro (6)**, que estaba situado na casa e torre que a familia construíu xunto á basílica de Santa María.

## HORARIO

Abertas do 15 de marzo ao 31 de outubro


De martes a sábado, de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:30 h

Domingos e festivos, de 11:00 a 14:00 h

Entrada gratuíta

Do 1 de novembro ao 14 de marzo poden concertarse visitas para grupos. Estas dependerán das condicións meteorolóxicas e da dispoñibilidade do Departamento de Educación.

Máis información e contacto en [educacion.museo@depo.gal](mailto:educacion.museo@depo.gal) ou no teléfono 986 804 100, extensión 42413, en horario de luns a venres, de 8:30 a 14:30 h.



## OS NOSOS EDIFICIOS

1. Ruínas de San Domingos, rúa Riestra, s/n
2. Fernández López, rúa Pasantería, 2 (área administrativa e de investigación)
3. Castro Monteagudo, rúa Pasantería, 12 (pechado por reformas)
4. García Flórez, rúa Sarmiento, 24 (pechado por reformas)
5. Sarmiento, rúa Sarmiento, 53 (entrada polo Edificio Castelao)
6. Castelao, rúa Padre Amodeo, 3

[museo.depo.gal](http://museo.depo.gal)

[facebook.com/MuseoPontevedra](https://facebook.com/MuseoPontevedra)  
[instagram.com/museo\\_pontevedra](https://instagram.com/museo_pontevedra)



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA

MUSEO  
PONTEVEDRA

MUSEO  
PONTEVEDRA

GALEGO

Depósito legal: PO 158-2019

RUÍNAS DE SAN DOMINGOS

## RUÍNAS DE SAN DOMINGOS

As ruínas de San Domingos son os restos da antiga igrexa e convento dominico, construídos entre os séculos XIV e XV. Aínda que en 1282 xa está documentada unha pequena comunidade de frades no barrio mariñeiro da localidade, próximo á actual capela de San Roque, poucos anos despois o convento trasladouse ao actual emprazamento, pese a que parte conservada se corresponde con unha reforma iniciada en 1380.



Celso García de la Riega  
Exterior da igrexa de San Domingos

Estaba situado fóra da muralla da cidade, preto dunha das súas portas principais, e gozou dos donativos de nobres e artesáns da vila, polo que se converteu nun importante lugar de culto e enterramento.



A finais do século XVIII os frades proxectaron modernizar a igrexa cunha reforma de estilo neoclásico iniciada pola nave. Esta obra non chegou a concluírse debido á expulsión da orde tras a desamortización de Mendizábal en 1836 e quedou interrompida á altura da cuberta. Hoxe non se conserva nada dela e no seu lugar álzase un dos institutos da cidade.

Obras de desmonte do convento

Tras a marcha dos dominicos a igrexa foi pechada ao culto e o convento foi empregado polo Concello para usos diversos: cárcere de mulleres, asilo, hospicio, cuartel da Garda Civil ou escola de párvulos, sen que se investisen esforzos na súa conservación e mellora, polo que en 1846 empezaron a reutilizarse algunhas das súas pedras na pavimentación das rúas.



As ruínas como museo da Sociedade Arqueolóxica

O Concello vía o complexo como un estorbo para o desenvolvemento urbano, así que tentou, en varias ocasións, a súa demolición total. Isto impediuno José Casal y Lois, membro da Comisión Provincial de Monumentos, aínda que non se puideron evitar derrubamentos parciais. En 1886 un novo intento de derriba foi paralizado por Casto Sampedro y Folgar coa axuda e co apoio de moitas e moitos pontevedreses.



Interior da cabeceira na actualidade

De todo o complexo só permanecen en pé a cabeceira da igrexa e o muro sur do cruceiro, construídos seguindo o modelo das igrexas góticas mendicantes de Galicia. O edificio presentaba planta de cruz latina con teitume de madeira e bóvedas pétreas de crucería nas capelas da cabeceira, altos muros con xanelas apuntadas de vidreiras de cores e rosetón na portada.





Exterior da cabeceira na actualidade

É precisamente a súa cabeceira con cinco ábsidas a que lle confire singularidade no ámbito galego, xa que é a única igrexa do seu estilo que adoptou esta solución, fronte á máis habitual dunha ou tres ábsidas.



As ruínas cara a 1902




ENTRADA/SAÍDA



Lápida sepulcral de Tristán de Montenegro, século XVI



Lauda do gremio dos cesteiros, século XV



Arcosolio do sepulcro de Suero Gómez de Sotomayor, século XV



Arcada da sala capitular, século XV



Escudo de Pedro Antonio Gayoso Aldao Castro y Reino, século XVIII



Escudo de Tristán de Montenegro, século XV